CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Modificación da composición dos membros Xunta de Goberno Local do Concello de Muros

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 1053/2026 do 23 de novembro, adoptouse os seguintes acordos:

Antecedentes

Primeiro. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 696/2023, do 26 de xullo, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 147, do 3 de agosto de 2023, determinouse a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros.

Segundo. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 1238/2023, do 26 de decembro, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 247, do 29 de decembro de 2023, modificouse o punto primeiro da Resolución núm. 696/2023.

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 23.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe á Alcaldía a competencia para nomear e separar libremente os membros da Xunta de Goberno Local, dando conta ao Pleno.

Segundo. O artigo 52, números 3 e 4, do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regula o nomeamento e o cesamento dos membros da Xunta de Goberno Local e remite ás formalidades previstas no artigo 46.1 do mesmo regulamento.

En exercicio das atribucións que me confire a normativa citada,

RESOLVO

PRIMEIRO. Modificar a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros mediante o cesamento de D.ª Caridad González Cerviño e o nomeamento de D. Damián Torea García como membro da Xunta. En consecuencia, o punto primeiro da Resolución da Alcaldía núm. 696/2023, do 26 de xullo, na redacción dada pola Resolución da Alcaldía núm. 1238/2023, do 26 de decembro, queda redactado nos seguintes termos:

"Primeiro. A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros queda integrada pola alcaldesa, D.ª María Lago Lestón, que a preside, e polas concelleiras D.ª Laura Eiras Rivadeneira, D.ª Sandra Maneiro Pais e D.ª Maruxa Martínez Romaní, así como polo concelleiro D. Damián Torea García."

SEGUNDO. Notificar persoalmente esta resolución a D.ª Caridad González Cerviño e a D. Damián Torea García e comunicala aos servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: KrsOHK1qX8PgkcT0uf/Y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CUARTO. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de conformidade co disposto nos artigos 46.1 e 52.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

QUINTO. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, ou, de ser o caso, desde o primeiro día hábil seguinte, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Muros 24 de novembro de 2026
A Alcaldesa
María Lago Lestón

CVD: KrsOHK1qX8PgkcT0uf/Y Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)